

Un caso de representación municipal da esquerda radical nun concello galego.

Álvaro Pérez Montero

Co necesario agradecemento a Ana Delgado pola súa lectura e corrección textual, a Brais Ferreiro pola súa colaboración con fontes primarias e os datos do seu artigo e a Manuel Gálvez do *Archivo TLE* polo seu aporte desinteresado de fontes primarias.

1. Hipótese e preguntas de investigación

Na presente comunicación analizaranse os principais procesos sociopolíticos locais de Catoira, dende a ollada do Movemento Comunista de Galicia, tralas primeiras eleccións municipais despois do franquismo. Deste xeito, formulamos as seguintes preguntas de investigación: cales foron as bases sociais nas que se sustenta o triunfo do partido? Como se desenvolveu e que obxectivos acadou a formación na lexislatura? Por que non anovou a representación tralos comicios de 1983? Ademais, partimos da hipótese de que a representación do partido nas eleccións municipais responde á presenza notable de militancia no concello.

2. Catoira, o Movimiento Comunista e o Movemento Comunista de Galicia

Catoira é un concello situado ao noroeste da provincia de Pontevedra na beira do Ulla, lindando cos municipios pontevedreses de Vilagarcía de Arousa, Valga, Caldas de Reis e

o coruñés de Rianxo. Abrangue catro parroquias: Abalo, Catoira, Dimo e Oeste. No aspecto económico predominaba a actividade agropecuaria, se ben existían tamén pequenas industrias de transformación da madeira ademais da fábrica de cerámica da compañía CEDONOSA¹.

O Movemento Comunista de Galicia constituíu a sección galega do *Movimiento Comunista* (MC). Organización denominada previamente *Movimiento Comunista de España* (MCE), xurdida en 1972 tras a fusión da escisión obreirista de ETA (ETA Berri, 1967, dende 1969 *Komunistak*) e da Organización Comunista de Zaragoza, influída polo terceiromundismo maoísta. Referencias ideolóxicas visibles no nome do seu órgano estatal, *Servir al Pueblo*, en alusión ao decimo sétimo capítulo do Libro Vermello de Mao Tse-Tung.

Neste mesmo ano, integrárase na formación o grupo valenciano Unificación Comunista, aos que se unirían entre 1973 e 1976 grupos como a Federación de Comunistas, con presenza en Madrid e Galicia, o *Grupo de Formación Marxista-Leninista de las Islas Baleares*,...² Esta ampliación territorial do partido de abaixo arriba, mediante pactos con outros grupos nos que se acordaba a conservación do órgano territorial, caso de Unificación Comunista no que se pactou continuar a publicación de *La Causa del Poble*, quizais explique a sensibilidade do partido cara á autodeterminación das nacionalidades.

En xaneiro de 1976, o comité central do *Movimiento Comunista*

1. Silverio CAÑADA (ed.) *Gran Enciclopedia Gallega, s.l., s.e.*, 1991, tomo 6 Castro-Colga, pp 44-45.

2. Julio PÉREZ SERRANO: "Orto y ocaso de la izquierda revolucionaria en España (1959-1994)" en Rafael QUIROSA-CHEYROUZE et al (coords.) *Los Partidos en la Transición. Las organizaciones políticas en la construcción de la democracia española*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2013, pp 268,269.

de España redenomínase simplemente *Movimiento Comunista*, na honra do “*heroico combate de las nacionalidades oprimidas*”, mentres que en Galicia, Euskadi, Catalunya, Illes Balears e o País Valenciá xurdirían seccións autónomas do partido cuxos nomes farán referencia á súa respectiva nacionalidade. Deste xeito, o MC apuntalaba co seu nome a súa aposta polo dereito de autodeterminación das nacionalidades no Reino de España, ao tempo que nacia oficialmente o Movemento Comunista de Galicia (MCG)³. Un ano antes o MCE integraríase na Plataforma de Convergencia Democrática, fronte antifranquista composta por partidos coma o PSOE, o PNV ou a ORT⁴.

Trala caída do franquismo, o MC presentárase ás primeiras eleccións en diversas candidaturas segundo a comunidade, debido a ser aínda unha formación ilegal. Malia isto, sería a única forza de esquerda radical de ámbito estatal en acadar un deputado no Congreso. Nesta etapa, promulgarían a abstención para o referéndum constitucional de 1978⁵.

Tras perder a súa representación no Congreso dos Deputados nos comicios de 1979, nas eleccións locais do mesmo ano, atinxirían 106 concelleiros en diversos municipios do estado, destacando a concelleira elixida nunha capital de provincia, Huesca, así como noutros núcleos notables: acadaron unha acta en Mieres, outra en Pozuelo de Alarcón, dúas en Jaca, catro en

3. Tito DIÉGUEZ: *Nacionalismo ó pé de letra. Os periódicos dos partidos nacionalistas galegos entre 1965 e 1975*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, S. L., 2005, p 179.

4. Julio PÉREZ SERRANO: “Orto y ocaso de la izquierda revolucionaria en España (1959-1994)”..., pp 268, 270.

5. Será Patxi Iturrioz, militante do *Eusko Mugimendu Komunistak* (EMK) quen, durante só dous meses, substituirá ao seu compañeiro da candidatura *Euskadiko Ezkerra* (EE) e militante de *Euskal Iraultzarako Alderdia* (EIA), Francisco Letamendia.

Julio PÉREZ SERRANO: “<<Servir al Pueblo>>: trayectorias del maoísmo en la Península Ibérica”, Berceo, 173 (2017), pp 208, 215.

Calatayud e tres en Tudela. Cómpre sinalar tamén as cinco alcaldías obtidas: Majadas del Tiétar (Cáceres), Paterna del Campo (Huelva), Mediana (Zaragoza), L'Olleria e Aras de Alpuente (Valencia)⁶.

No II Congreso de 1979 a formación debatera a ratificación do maoísmo nas súas coordenadas ideolóxicas, que irá perdendo peso ao longo dos oitenta, facilitando a anexión da exconsellista *Organización de Izquierda Comunista* (OIC) e a súa aproximación á trotskista Liga Comunista Revolucionaria (LCR), culminando en 1991 coa súa fusión en *Izquierda Alternativa*⁷.

En canto ao MCG, atopamos as súas posibles orixes na fusión da Federación de Comunistas, con base en Madrid e Galicia, así como na militancia do futuro secretario xeral, Xesús Veiga Buxán, en *Komunistak* durante a súa estada en Bilbao para estudar Ciencias Económicas⁸.

A actividade do MCE en Galicia durante o franquismo provocou a detención, proceso e condena de prisión polo *Tribunal de Orden Público* de tres militantes en dous procesos, por “propaganda ilegal” en 1974 e por “manifestación non pacífica” en 1975⁹.

Malia que a nivel estatal o MC referenciouse na *Plataforma de*

6. “Las cifras de MC-OIC” *Servir al Pueblo*, 121, (16-30/4/1979) p 11.

Disponible en:

<http://biblioteca.ccoo.cat/cgibin/koha/opacdetail.pl?biblionumber=17405&viewallitems=1#holdings>

7. Fernando VERA JIMÉNEZ “La diáspora comunista en España”, *Historia Actual On Line*, 20 (2009), p 42.

8. Tito DIÉGUEZ *Nacionalismo ó pé de letra...*, p 178.

9. Sendo, en tódolos casos, estudantes universitarios lucenses e viguesas. Francisco Xavier REDONDO ABAL: *Arelas de liberdade na Galiza. Galegos perante o Tribunal de Orde Pública* (TOPGAL, 1964-1976), Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2017.

Convergencia Democrática, no ámbito galego integrouse no Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG), estrutura formada en xaneiro de 1976 por varios partidos nacionalistas (Unión do Pobo Galego, Partido Socialista Galego, Partido Carlista de Galicia e Partido Galego Social-Demócrata) co gallo de presentar unha alternativa soberanista ao incipiente proceso autonómico nas “Bases Constitucionais para a participación da Nación Galega ao Pacto Federal”. O MCG acabaría expulsado por non aceptar a esixencia da UPG de referenciarse no eido laboral no Sindicato Obreiro Galego (SOG), no canto das CCOO¹⁰.

O grao de implicación do MCG neste último sindicato foi tal que no I Congreso Nacional galego de 1978 situaron a dous dos seus militantes entre os trinta e dous membros da Comisión Executiva¹¹. Neste mesmo ano, a formación dótese dunha organización xuvenil, a Mocidade Galega Revolucionaria (MGR)¹² mentres no eido feminista participaban na Asociación Galega da Muller (AGM)¹³.

No tocante ao proceso autonómico, o partido promoveu o voto negativo no referéndum sobre o Estatuto de Autonomía finalmente aprobado, ao considerar insuficientes as competencias adxudicadas. Mais si participaron en mobilizacións proautonomistas, á diferenza do BNPG¹⁴.

Con esta formación manteranse unhas relacións tensas trala

10. Justo G. BERAMENDI e Xosé Manoel NÚÑEZ SEIXAS (eds.): *O Nacionalismo Galego*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1996, pp. 243-245.

11. “Primer Congreso Nacional de Galicia” en *Servir al Pueblo*, 105, (1-15 / 07 / 1978), p 14.

12. “Nace M.G.R.” *Galicia en Loita* 17, (09/1976), Bibliotexa Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

13. Entrevistas a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

14. “Votaremos NON” *Galicia en Loita*, 44, (25/10/1980 - 25/11/1980), Bibliotexa Xeral da Universidade de Santiago.

expulsión do MCG do Consello de Forzas Políticas Galegas, traducíndose na convocatoria de manifestacións diferenciadas no Día da Patria Galega¹⁵. Porén, en 1982 formularanse mobilizacións unitarias co nacionalismo¹⁶ que se repetirán no vindeiro ano¹⁷; un clima de entendemento no que se enmarcará o apoio externo do MCG á candidatura do BNPG-PSG nas eleccións xerais de 1982¹⁸.

A nivel electoral, o MCG tentou presentarse nas eleccións ao Congreso de 1977 coas súas propias siglas sen éxito, debido á condición aínda ilegal do partido¹⁹. Para o Senado apoiaron a Candidatura Democrática Galega, presentando a un militante, Xesús Docampo Mosquera, pola circunscrición de Ourense²⁰ que atinxiría vinte e un mil votos²¹.

Nos comicios de 1.979, tras coligarse coa OIC nas eleccións xerais conseguindo 4.833 votos (0,48%) e sen acadar deputados²², para os comicios municipais presentan candidaturas en once municipios: as sete cidades máis O Barco

15. *“Dempois do 25 de Xulio” Galicia en Loita*, 43, (15/09/1979- 15/10/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 4-7.

16. *“Non renunciámos á patria galega” Galicia en Loita*, 52, (Especial 25/07/1982), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, p 2.

17. *“Pola soberanía nacional, unidade popular” Galicia en Loita*, 60, (Especial 25/07/1983), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 2,3.

18. *“Fortalecer a esquerda radical aquí e agora” Galicia en Loita*, 58, (Especial Eleccións 1982), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 4,5.

19. *“Galicia: triunfó el voto del miedo” Servir al Pueblo*, 79, (20/06/1977), p 6.

20. Esta candidatura unitaria recibía o apoio do PSOE, PCE, PSG e Partido Popular Galego. *“Candidatura unitaria para el Senado en Galicia” Servir al Pueblo*, 77, (primeira quincena de xuño de 1977), p 6.

21. *“Galicia: triunfó el voto del miedo”...*

22. Resultados do Ministerio de Interior consultados en:
<http://www.infoelectoral.mir.es>

de Valdeorras, Catoira, Padrón e Vilagarcía de Arousa²³. Obtiveron un total de 3.900 votos e cinco edís: tres en Padrón, un no Barco de Valdeorras e outro en Catoira²⁴.

Finalmente, ás primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia de 1981 presentaríase en coalición coa Liga Comunista Revolucionaria. Nesta convocatoria, o concelleiro atinxido en Catoira situaríase no número 6 pola provincia de Pontevedra²⁵, acadando un total de 4858 votos (0,49%) e situándose como a duodécima forza galega.

3. Bases sociais do MCG en Catoira

A actividade do MCG en Catoira ten a súa orixe no concello limítrofe de Vilagarcía de Arousa. Alí, o futuro concelleiro Xesús Feijoo Sumay, entón estudante de COU, entra en contacto en 1974 con militantes desta formación, á que acaba por afiliarse.

Paralelamente, promove entre a veciñanza a afiliación ao Sindicato Agrario Galego (SAGA)²⁶, sindicato no que se

23. "As nosas candidaturas" *Galicia en Loita*, 37, (15/03/1979 - 15/04/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, p 23.

24. "A esquerda nos axuntamentos. Unha esperanza que non debe morrer" *Galicia en Loita*, 39, (15/05/1979 - 15/06/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 4-6.

25. "As nosas candidaturas" *Galicia en Loita*, 56, (10/1981), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 4,5.

26. O Sindicato Agrario Galego (SAGA) xurdiu das Comisións Labregas-Terra, escisión referenciada na Asemblea Popular Galega (APG) do PSG no ano 1975 das Comisións Labregas, sindicato agrario vencellado á ortodoxia da UPG. Con especial implantación nas comarcas da Limia e de Ribadeo, disolveríase en 1979. Alba DÍAZ-GEADA: *O campo en movemento. O papel do sindicalismo labrego no rural galego do tardofranquismo e da transición (1964-1986)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2011, p 98; Justo G. BERAMENDI e Xosé Manoel NÚÑEZ SEIXAS *O Nacionalismo Galego...*, p 98.

referenciaban ademais do MCG, o PSG, o Partido Obreiro Galego (POG) e o Partido do Traballo de Galicia (PTG); afiliado á *Coordinadora de Organizaciones de Agricultores y Ganaderos* (COAG) estatal²⁷ e no que Xesús participa como membro do grupo de apoio²⁸. Con esta organización, reivindicarán en Catoira o non pagamento das cotas agrarias, proceso iniciado en 1971 coa publicación dun texto refundido do *Régimen Especial Agrario de Seguridad Social* que implicaba un novo pagamento engadido á cota mensual da Mutualidad Nacional Agraria. Deste xeito, considerábase aos titulares das explotacións, arrendatarios e aparceiros como “empresarios agrícolas” o que implicaba aumentar a presión fiscal á que estaban sometidos, ás veces até o triplo²⁹.

Xesús participará tamén na fundación das Comisións de Montes das parroquias catoirenses de San Pedro de Dimo e Santa Baia de Oeste, reivindicando a recuperación dos montes veciñais:

Xesús – Claro, é que vamos a ver eh, eh... Alí a pelea empezou por recuperar os montes comunales. Nós fumos a xuicio na miña aldea i os de... Nós fumos primeiros que os de Dimo. É dicir, entonces, se montaron comisións para recuperar os montes porque hubo que recuperalos a base de xucios de... contra o Gobierno Civil. Non foi,... non foi

27. Entrevistas a Xesús Feijoo Sumay. Realizadas o 21/08/2018 e o 26/03/2019. “*Porqué traballamos no SAGA*” *Galicia en Loita*, 26, (20/02 - 20/03/1978), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 12, 13.

28. O grupo de apoio amosa unha estrutura idéntica do SAGA coa relación que mantiñan os Comités de Axuda á Loita Labrega, fundados en 1970, coas Comisións Labregas, das que serían o seu xerme. Eran comités formados por estudantes, mestres, cregos, persoal de extensión agraria, co obxectivo de fomentar a concienciación, mobilización e organización do campesiñado para a creación dos propios sindicatos. Alba DÍAZ-GEADA *O campo en movemento...*, p 52.

29. *Ibíd*, pp. 75, 76.

regalado nin foi (...)

Entón eso, eso é o primeiro que se reclama. Estamos nunha fase en que non existen... os montes non son dos veciños i, i... estamos aí en intentar recuperar o monte para os veciños³⁰.

Conflitividade de gran relevancia no campo galego, con orixe na creación do Patrimonio Forestal del Estado en 1941 e na promulgación da Lei Hipotecaria de 1946, que permitía aos concellos inscribir no inventario de bens municipais tódolos montes das súas demarcacións, mediante a sinatura do secretario, sen necesidade de aportar probas documentais. Deste xeito, non se recoñecía a propiedade do monte aos veciños, expulsados del e sen participaren dos beneficios da venda da madeira. A lei de montes en man común de 1968 recoñecerá a titularidade veciñal destes, pugnando o sindicalismo agrario polo seu cumprimento efectivo³¹.

En Catoira tamén se desenvolverán iniciativas propias do MC. En 1978 realizaranse actos de campaña pola abstención no referéndum constitucional, unha actuación non exenta de dificultades:

Xesús - Na campaña da abstención si. Ademais recordo, como acto significativo, que levábamos un cartel. Cada letra era un...era un cartel: era ABSTENCIÓN(...) Che podo decir que á saída da fábrica de...tuvemos un percance (...) En Catoira estaba a fábrica de CEDONOSA i...xusto cando salían, hai un almacén grande deles i aí colocamos, empezamos a pegar i aí veu o... vigilante que era un gardía civil retirado,... tivemos unha

³⁰. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018. Óptase por transcribir literalmente a linguaxe da entrevista gravada.

³¹. DÍAZ-GEADA, Alba O *campo en movemento...*, p 80.

trifulca,...Bueno, ao final conseguimos...

Entrevistador - Realizar a campaña...

X - Si, si,... Non só aí. En Catoira, en Vilagarcía,...

E - De feito, cítase que chegou a haber detencións por estas campañas...

X - Si. Nós o único percance que tuvemos foi con este guardia civil este, retirado . Que bueno, ao final se quedou en nada... pero, bueno, que houbo amenazas, houbo,...Non, non pasou nada ao final³².

4. As eleccións municipais en Catoira

Nos comicios locais de 1979, o MCG participa ao comezo nunha ampla candidatura de esquerdas, con sectores simpatizantes do PSG, no que salienta a participación de membros do grupo de folk Milladoiro. Nas reunións previas, formúlase a Xesús como alcaldable:

Xesús - Entón, en Catoira se promove unha serie de reunións eh... ca xente máis concienciada. Pois mira desde os de Milladoiro (...)Hai unha serie de xente que... a ver, somos os que estamos estudiando, fundamentalmente, eh? Os que estamos estudiando en Santiago i que eh... cando chegamos nos fines de semana pois eh...nos xuntamos para falar i a ver que facemos. Planteamos que facer para as eleccións i entón empezamos pois eh...facendo eh... assembleas, xuntanzas, chámalle como queiras nas, nas parroquias. (...)

Eh... eu tiña bastante opción, eu era quen,... o que máis opción tiña porque eu estaba, levaba muito tempo metido no tema das Comisións de Montes. Entón eu...eu controlaba e conocía xente en todas as,...en todas as aldeas i eu era, era,... o que sabía con quen había que

³². Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

falar, quen había que,... que este avisara ao outro, non sei que,...E ao final nos xuntábamnos vinte, trinta, eh? en cada sitio para falar das eleccións.

Bien. En aquel momento eh... Daí, daí, se decide eh... coño! Pois a esto hai que darlle un paso máis: vamos a irnos a unha candidatura. A, a unha candidatura que, aparentemente, aparentemente iba a encabezar eu³³.

Porén, no seo do MCG decídese renunciar a esa candidatura unitaria a favor dunha maior visibilidade das posicións propias do partido ao presentárense coas súas propias siglas:

Xesús - (...) pero o MC, o MCG en este caso, non ve prioritario este tema. Eu o planteo na miña célula i se chega a conclusión que bueno, que vale, que está moi ben o das eleccións pero que non...de que vale que salgas...que salgas ou non salgas? (...)

Pasamos de todo, nos vamos como MC, non sacamos nada pero polo menos facemos campaña. (...) Vamos a facer a nosa campaña, vamos a dicir as nosas cousas, vamos a dicir o que pensamos i vamos a intentar aglutinar xente ao redor das nosas ideas. Os resultados electorales non pintan nada³⁴.

33. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

34. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

Esta actuación resulta coherente coa relativización da capacidade transformadora da política municipal que se formula nos órganos do partido. Considérase que a participación nos comicios non permitirá a toma gradual do poder "burgués", senón reforzar o movemento cidadán, de xeito que non se concibe a súa participación coma un fin en si mesmo. *"Tamén no axuntamento loitaremos contra da dereita e os caciques"* Galicia en Loita, 37, (15/03/1979 - 15/04/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 20-23.

Para a formación da candidatura en Catoira, o MCG tivo que afrontar a carencia de militantes xa que unicamente Xesús estaba afiliado:

Xesús - A min costoume tanto que... xente que iba ir conmigo na outra candidatura, cando lle planteo vir na...na do MC, me din que non i se van á Candidatura, á outra... i eu para montar a candidatura do MC costoume Dios i axuda e, cunha condición, todos tuveran que poñer ao lado "Independiente" Nadie quería aparecer como...
Entrevistador - Militante

X - Do Movemento Comunista (...) ³⁵

Celebrados os comicios, a Candidatura Independiente (CI), na que participara inicialmente o MCG, resulta gañadora con catro edís, seguidos por tres de Coalición Democrática (CD), dous do PSOE e un de MCG e UCD, respectivamente. O MCG obtén o 12,07% con 213 votos, superando en 15 votos á UCD, resultados máis notables que os obtidos pola candidatura MC-OIC nas eleccións xerais de 1979 en Catoira, 55 votos co 3,4 %, e que tamén superaron aos 133 votos acadados por esta formación en Pontevedra nos comicios municipais³⁶.

Así, o MCG resultou primeira forza en Abalo, parroquia da que era orixinaria unha candidata da lista, María Carmen Prieto Salvador³⁷. Significativamente, esta resultaría a única entre a composición de tódalas listas electorais destes comicios en Catoira³⁸.

35. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

36. Resultados do Ministerio de Interior consultados en:
<http://www.infoelectoral.mir.es>

37. Entrevistas a Xesús Feijoo Sumay. Realizadas o 21/08/2018 e o 26/03/2019.

38. Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPPO) 03/03/1979, Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra, tomo I, p 4.

Resulta salientable que o concelleiro, pese a ser electo con só vinte anos, non recibiu formación específica polo partido para o cargo, circunstancia significativa se temos presente que ningún dos edís do MCG en Galicia superaba os trinta anos³⁹. No entanto, si existía coordinación entre estes, establecéndose unha célula específica para a política municipal:

Xesús - A ver, eu estuven, estaba en un...en unha célula, chamémoslle... porque hubo un sindicato, o Sindicato Agrario Galego, non? Aí estábamos nós (...) Entón estaba aí pero unha vez que sales... que sales... concelleiro pois...i hai unha serie de concelleiros... pasas... pasas a formar tamén parte de outro... de outra célula que en realidade é a municipal(...) Donde aí si se discutían as políticas municipais

Entrevistador - E esa coordinación...

X - E esa coordinación era desde aí⁴⁰.

Malia que Xesús afirma que esta candidata se situaría no número 2 e estivo preto de ser elixida, tanto no BOPPO coma en Galicia en *Loita* figura no número 4. O propio MCG recollía que o 41,04% (102) da composición das súas listas galegas para os comicios locais de 1979 eran mulleres, encabezándoas para Compostela, Berta Uriel Latorre; para A Coruña, Carmen Pazos; e para Vigo, a actual académica da RAG, Marilar Jiménez Aleixandre. “*As nosas candidaturas*” *Galicia en Loita*, 37, (15/03/1979 - 15/04/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, p 23. Cifras que cobran relevancia se, por exemplo, temos presente que nas mesmas eleccións a participación feminina nas candidaturas da provincia de Pontevedra reducíase ao 8,59%. No entanto, o número de mulleres candidatas do MCG na provincia de Pontevedra nestes comicios representaba o 37%, situándose como a terceira formación con maior porcentaxe trala Organización Revolucionaria de los Trabajadores [ORT] (56%), LCR (44%) e superando ao resto da esquerda: PTG (26%), PCG (13%), BNPG (10%), Unidade Galega [UG] (9%) e PSOE (7%) Brais FERREIRO ARES “*Mulleres candidatas e Transición municipal en Pontevedra (1979-1983)*” Mazarelos.

<http://www.mzarelos.com/2019/03/02/mulleres-candidatas-e-transicion-municipal-en-pontevedra-1979-e-1983/>

39. “*A esquerda nos axuntamentos. Unha esperanza que non debe morrer*”...

5. Formación do goberno e desenvolvemento da lexislatura

Constituída a corporación, resulta escollido como alcalde Andrés Castaño Conde da CI con cinco votos, fronte aos dous que obtén Hipólito Reyes de CD⁴¹, mentres o MCG opta pola abstención⁴².

Malia que MCG e CI estiveron a piques de presentárense conxuntamente, as posicións comezaron a afastarse coa paulatina aproximación do goberno municipal aos postulados do PSOE mentres o MCG establecía relacións coas bases críticas da CI:

Xesús - A Candidatura Independiente...saliu con unha (...) con un programa que non estaban cumprindo. Che podo decir que hubo...así, como sona, na casa [dos] de Milladoiro...pois tivemos máis de unha reunión de porque... eles que apoiaban esa Candidatura Independiente eh... quen canalizaba as súas... as súas propostas era eu⁴³.

Estas diverxencias da candidatura gañadora conducirán á división interna en diversos plenos. Atopamos un exemplo na votación do Plan de Obras Provinciais de 1979, no que a Alcaldía propoñía a adxudicación das obras do camiño municipal da Igrexa de Abalo, resultando o adxudicatario rexeitado polos votos de MCG e algúns concelleiros do PSOE e da CI, aducindo presuntos incumprimentos previos⁴⁴.

40. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

41. Acta de Constitución da Nova Corporación do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 91-93.

42. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

43. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizadas o 21/08/2018.

Este distanciamento entre o MCG e a alcaldía provocaría que a Xesús só se lle concedera o cargo de vogal nas comisións municipais de Montes, Fontes e Patrimonio e de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude⁴⁵, posicións e materias consideradas marxinais:

Xesús - (...) esas Comisións si te das conta, non se me deu opción... nas Comisións importantes a min non se me deu opción(...) Entón aí hai por parte de...da alcaldía de... hai un afán de non darme opción a ningunha Comisión importante. A Comisión de Patrimonio xa me dirás que pintaba en Catoira (...)Entón xa me dirás que pintaba nunha comisión desas cando eu estaba nas comisións de montes, que me importaba a min eso. Na Comisión de Cultura...? Xa me dirás! Catoira naquel momento culturalmente non pintaba...nada! (...)

Entón as que se che mete...Nas comisión que se me da acceso é para marxinar, non é... eu non estou en ningunha nas que se decide algo! Donde hai cartos, por exemplo. Donde hai decisións de urbanismo paquí, palí. Eu aí non pinto nada, aí se me marxina. Non solo eso, que dis ti eh... o Concello...eh...desde a Alcaldía se promove representantes nas Comisións de Montes por parte do...(..)

Eu controlaba, eu tiña acceso, eh...a Comisión de Montes de Dimo pois...a fin de contas monteina eu. Non só a da miña aldea, montei a de Dimo. Entón, podes pensar que eu tiña como acceso directo á... á Comisión. É dicir,

44. Sesión Extraordinaria 6/12/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 155-161.

45. Sesión Extraordinaria 18:30 2/5/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 93, 94.

eran,...eran amigos i eu podía influir en eles, teóricamente. Bueno, pois o delegado para a Comisión de Montes de Dimo é o alcalde. É dicir, para quitarme a min ese protagonismo cando eu nunha Comisión...na Comisión pois podo criticar de que esto está mal feito, aquí hai que facer esto ou o outro... ven o alcalde, que está alí presente tamén, que está alí para cortarte e di: “non, non, non o Concello vai facer non sei que, non sei que máis”. Entón ao final é a duda, é dicir, di o Suso, que é un concelleiro ou di o alcalde?⁴⁶

6. As mocións do MCG

Malia contar cun só concelleiro, a formación impulsou ao longo da lexislatura numerosas mocións que abranguían unha ampla variedade temática. Entre as súas prioridades atopábase tentar reverter, dende o novo poder municipal, a diglosia que padecía a lingua galega. Tralos comicios, nun artigo do órgano galego do partido, *Galicia en Loita*, apostábase pola necesidade de declarar o galego lingua oficial nos plenos, bandos e publicacións municipais; recuperar a toponimia; impartir cursos do idioma para o funcionariado e destinar partidas orzamentarias á normalización lingüística⁴⁷.

En Catoira, se ben a oficialidade do galego xa fora aprobada a proposta da alcaldía⁴⁸, o MCG aplicou inmediatamente este propósito. En maio presentouse unha moción solicitando a maioría das medidas citadas no artigo ademais da celebración

46. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

47. “Día das Letras Galegas. *Galego, unha medida*” *Galicia en Loita*, 39, (15/05/1979 – 15/06/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 16, 17.

48. Sesión Extraordinaria 02/05/1979 19:30 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira Caixa 3, exp. 4, pp 95-98.

do Día das Letras Galegas, para o que se destinaría unha subvención de 15.000 pesetas e se penduraría, durante ese día, a bandeira galega exclusivamente⁴⁹. A partida desta subvención sería ampliada ás 50.000 pesetas mediante outra moción do partido dous anos despois⁵⁰.

A cuestión nacional seguirá estando presente nas propostas municipais do partido. En 1980 apróbase unha moción solicitando a convocatoria inmediata dun referéndum sobre o proxecto do Estatuto de Autonomía ante a dilatación do proceso, contando coa abstención dos concelleiros de CD⁵¹. O MCG impulsará tamén unha moción en solidariedade con Xosefa Bahamonde, docente padronesa despedida en 1982 por impartir aulas en galego, resultando aprobada coa única abstención de CD⁵².

O MCG tamén presentou unha declaración de rexeitamento á OTAN reclamando unha política neutral, o desmantelamento das bases americanas no territorio español e un referéndum sobre a adhesión do Reino de España á alianza militar. Novamente aprobada contando só coa abstención dos concelleiros de CD⁵³.

49. Malia ser aprobados tódolos puntos da moción, os seus apoios variarían: o curso para o funcionariado e a celebración do Día das Letras Galegas aprobaríase por unanimidade, a oficialidade do galego na toponimia e publicística municipal contou co rexeitamento de UCD e o penduramento da bandeira galega aprobouse pese a sumar o voto negativo de CD, PSOE e UCD e á advertencia da suposta ilegalidade por parte do secretario municipal.

Sesión Extraordinaria 14/05/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4 pp 98-104.

50. Sesión Extraordinaria 05/05/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira Caixa 4, exp. 1, pp 12, 13.

51. Sesión Ordinaria 28/04/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 2-9.

52. Sesión Ordinaria 26/01/1981 do Libros de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 94-102.

No entanto, tamén foron propostas relacionadas cos movementos sociais locais. Unha das primeiras mocións do partido en Catoira regulará a xestión do monte, establecendo unha Comisión con representantes do Concello e veciños de tódalas parroquias, e o reparto dos beneficios dos montes veciñais: o 80% para os membros das Comisións de Montes e o 20% para obras impulsadas polo Concello⁵⁴.

Cómpre sinalar a formulación de propostas legislativas vitais para o desenvolvemento da propia Corporación. É o caso da moción conxunta entre o MCG e PSOE que instauraba a retribución económica por asistencia e presidencia dos concelleiros na Comisión Municipal Permanente, Comisións Informativas e no Pleno. Iniciativa defendida por Xesús Sumay, pese ás críticas das dereitas, como medio para evitar a corrupción ao tempo que permitiría o acceso das clases populares á política institucional nunha maior igualdade de condicións⁵⁵.

Finalmente, débese salientar a presentación doutras mocións de menor carga ideolóxica. Dende unha moción reclamando maior sinalización e visibilidade nun cruce entre estradas⁵⁶ até unha moción conxunta cun membro da CI solicitando a dotación de subministración eléctrica na escola de Abalo para as actividades da Asociación Cultural de Abalo⁵⁷.

53. Sesión Ordinaria 28/09/1981 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 131-134.

54. Sesión Extraordinaria 14/05/1979 do Libro de Actas... Op. Cit.

55. Sesión Ordinaria 28/01/1980 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 169-174.

56. Sesión Ordinaria 25/05/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 104-112.

7. A polémica das cantigas

Unha das actividades municipais do MCG en Catoira que atinxiría maior transcendencia sería o impulso á publicación dunhas regueifas críticas co desenvolvemento desta. Este é, aliás, o único suceso deste municipio recollido no órgano estatal do MC, *Servir al Pueblo*.

A orixe deste acontecemento sitúase en reunións entre o MCG e parte das bases sociais da Candidatura Independiente, desencantadas co incumprimento do programa electoral que estaría a cometer a alcaldía. Nestes encontros decidiuse publicar, repartir e interpretar uns cantares de cego recompilando estas críticas na Romaría de San Cibrao, o 25 de maio de 1980.

Entre estas atopábanse carencias na iluminación pública, asistencia sanitaria e asfaltado de camiños. Tamén se denunciaron as actividades dos “caciques” franquistas, salientando a necesidade de auditar as corporacións previas, sen esquecer eivas en materia de transparencia e participación veciñal do goberno vixente, como a negativa a realizar os plenos nas fins de semana⁵⁸. Esta última, sería unha moción falida do MCG para facilitar a asistencia⁵⁹.

A difusión desta sátira é denunciada no pleno ordinario ao día

57. Sesión Ordinaria 29/12/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 90-94.

58. “Un arma con futuro. Catoira (Pontevedra): Las coplas del MCG al Pleno Municipal.” *Servir al Pueblo*, 147, (3/07/1980 – 16/07/1980), p 19. Sesión Extraordinaria 09/06/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 27-31. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay.

59. Sesión Extraordinaria 19/10/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 147-152.

seguinte polos concelleiros de CD e UCD, solicitan a convocatoria dun Pleno Extraordinario, aprobado coa única abstención dun concelleiro de CI, e a apertura dun expediente ao concelleiro do MCG⁶⁰.

No Pleno Extraordinario, ausentáronse os concelleiros do PSOE e, segundo o órgano do partido, o MCG recibiría o apoio entusiasta da veciñanza asistente. Finalmente, o concelleiro non recibiría ningunha sanción⁶¹.

Precisamente, Xesús destaca a importancia da mobilización veciñal nos plenos para a súa actividade como concelleiro:

Xesús - Eu a única forma que tiña de que... defender as miñas... as miñas... mocións era recurrir a xente. Entonces, si o tema iba sobre... Digo, sobre a parroquia de Dima, pois ao millor viñan dez ou quince de Dima ó Pleno i se poñían detrás para intimidar, isto era para intimidar! Non era... hai que decilo claramente porque...é moi fácil falar cando non hai nadie, vale? (...) Entonces, eh... eu o que facía era cada vez que había un tema sempre...sempre procuraba xuntar xente e unir xente ao Pleno e, claro, a veces esta xente se alporizaba. Pero eu levábaa porque era a única forma que tiña de que se me escoitara i de poder defender i que os outros se retraeran un pouco i polo menos te deixaran falar porque sinón xa non había nin opción, eh?⁶²

60. Sesión Ordinaria 26/05/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 15-20.

61. *"Un arma con futuro"*...

Este artigo tamén cita que o concelleiro de UCD abandonaríase o Pleno debido á presión veciñal, un extremo que non reflicte a acta da sesión. Sesión Extraordinaria 09/06/1980...

62. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

8. Un conflito medioambiental: a canteira Los Molinos

A problemática que orixinará maior conflitividade social durante a lexislatura será a actividade da canteira Los Molinos, explotación na que traballaban doce veciños en terreos polos que aboaba un canon ao concello⁶³. Localizada en Pedras Miúdas, dende 1976 estaba a causar cortes de camiños comunais, nubes de pó e contaminación acústica polas continúas detonacións, mesmo producindo casos de desequilibrio nervioso na poboación⁶⁴.

Nesta lexislatura, a primeira constancia desta problemática será un escrito veciñal de denuncia desta situación presentado a finais de maio de 1979⁶⁵. Este será contestado un mes despois cun escrito da empresa acusando a varias veciñas de alterar a orde pública entorpecendo a actividade da canteira⁶⁶.

A mobilización amplíase e o 22 de setembro a veciñanza encabezada polo MCG convoca unha manifestación que resulta prohibida polo Gobernador Civil. Debido a isto, realízase unha asemblea na que se decide convocar novamente unha manifestación o 7 de outubro ao tempo que se solicita a celebración dun pleno extraordinario⁶⁷.

Segundo a fonte oral consultada, o MCG sería o único en participar nas mobilizacións da veciñanza mentres o PSOE e a CI limitaríanse a apoiala discursivamente. O concelleiro de UCD acusou aos participantes do movemento de estaren manipulados polo edil do MCG⁶⁸.

63. Sesión Extraordinaria 7/10/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 144-146.

64. "Catoira: a canteira do primeiro combate" Galicia en Loita, 44, (25/10/1979 – 25/11/1979), Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, pp 8,9.

65. Sesión Ordinaria 25/05/1979...

No pleno, prodúcese unha ampla participación veciñal nun ambiente de tensión reflectido na ausencia dos concelleiros de UCD e CD. Como resultado, apróbase por unanimidade a redución da carga explosiva das voaduras de 550 a 300 kg e a modificación dos horarios⁶⁹.

No tocante á mobilización, desta vez, o gobernador concede o permiso mais denegando o percorrido pola estrada até a canteira que solicitaban os convocantes. Os afectados non respectan ese límite e na canteira, ante a presenza da Guardia Civil, a tensión increméntase até que unha muller guinda unha pedra a un axente. Como resposta, os uniformados tentan deter a Xesús Feijoo mais a oposición da veciñanza impídeo.

Porén, esa mesma noite a Guardia Civil acode ao seu domicilio

66.Sesión Extraordinaria 28/06/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 115-120. A presenza feminina das participantes repítese en boa parte das mobilizacións agrarias e mariñeiras dende o tardofranquismo en Galicia, como no icónico conflito pola mina de lignito nas Encrobas ou o protesto das mariscadoras da Ría de Pontevedra contra a instalación de Celulosas. Se ben a historiografía tradicional (J. Scott, E.P. Thompson) explicou esta participación pola confianza nunha menor represión, Freire Cedeira concede un papel protagonista na conflictividade ás mulleres tendo presente que o éxodo rural deste período en Galicia afectou en maior medida aos varóns, recaendo nas mulleres o rol principal nas explotacións familiares.

Daniel LANERO TÁBOAS: Por surcos y calles. Movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980), Madrid, Catarata, 2013, pp 133-135.

Araceli FREIRE CEDEIRA: En defensa de lo suyo. Propiedad forestal y conflictividad social durante el franquismo: los montes vecinales de Cerceda (A Coruña) Santiago de Compostela, USC, 2011, pp 96-105.

67.“Catoira: a canteira do primeiro combate”...

68.“Lleva a los vecinos como corderos detrás de él”. Sesión Ordinaria do 25/08/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 59-67.

69. Sesión Extraordinaria 7/10/1979...

e deteno. Unha vez no cuartel, o alcalde de Catoira media ante os axentes e consegue que Xesús saia en liberdade en cuestión de horas⁷⁰, mais resultando condenado a pagar unha multa de 30.000 pesetas polo goberno civil.

Meses despois, o Pleno solidarízase aprobando un escrito dos veciños afectados coa única abstención dos concelleiros de CD⁷¹. Ademais, para aboar a sanción, organízase un festival coa participación de Milladoiro e Pilocho e a rifa dun porco, facilitado por un militante do partido que traballaba na Misión Biolóxica de Pontevedra. Así, a ampla participación en ambos eventos permitiu satisfacer a multa⁷².

A evolución do conflito continúa marcando a vida municipal. No verán de 1980 o Pleno acorda a paralización temporal da actividade da explotación mineira co voto en contra do concelleiro de UCD⁷³. Mais a limitación temporal desta medida provoca un peche da veciñanza afectada no edificio consistorial durante meses, chegando a intervir no pleno, feito denunciado polos concelleiros da dereita tanto pola permisividade do goberno local como pola actitude hostil dos manifestantes cara estes⁷⁴.

Malia a importante mobilización, a situación enquistouse e a actividade da canteira continuou até esgotar o xacemento, sen interferir directamente a mobilización veciñal no cesamento da mesma⁷⁵.

70. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

71. Sesión Extraordinaria 28/12/1979 do Libro de Actas do Pleno (03-01-1977/21-04-1980), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 3, exp. 4, pp 161-166.

72. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

73. Sesión extraordinaria 30/06/1980 do Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 31-45.

74. Sesión extraordinaria 09/09/1980. Libro de Actas do Pleno (21-04-1980/29-11-1982), Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exp. 1, pp 67-70.

9. Final da lexislatura e da actividade do MCG en Catoira

No último tramo da lexislatura, a partir de 1982, Xesús Feijoo traslada a súa residencia a Pontevedra, limitando a súa actividade na corporación aos plenos considerados de maior importancia, como nos de aprobación orzamentaria. Con este impedimento e, sendo o único militante do partido na vila, o MCG non presentará candidatura ás eleccións municipais de 1983, reflectindo unha falta de remuda na militancia dende comezos da Transición que, segundo a nosa fonte oral, afectaría a todo o MCG⁷⁶.

Por outra parte, a *Candidatura Independiente* disolveríase, integrándose o anterior alcalde nas listas do PSOE, gañando nestes comicios por maioría absoluta⁷⁷, exercendo esta formación nas vindeiras décadas, unha hexemonía indiscutible até as últimas eleccións.

10. Epílogo

Acorde co desenvolvemento desta investigación podemos desbotar a hipótese inicial: a representación do MCG na Corporación de Catoira en 1979 non responde a unha presenza militante sólida. Esta redúcese a un militante e, de feito, nos seguintes comicios ao non estar dispoñible este, non chega a presentarse lista. Exemplo desta debilidade é a reacción do concelleiro ante o golpe do estado do 23 de febreiro de 1981: desprazarse ao concello limítrofe de Vilagarcía, onde xunto a outros militantes do MCG realizan pintadas en repulsa, resultando detido por esta causa⁷⁸.

76. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018. Este decaemento é perceptible nas sesión recollidas nos Libros de Actas, Arquivo Municipal de Catoira, Caixa 4, exps. 1 e 2.

77. Oito actas do PSOE fronte a 3 de AP-PDP-UL. Resultados do Ministerio de Interior consultados en: <http://www.infoelectoral.mir.es>

Pola contra, a obtención de representación en Catoira parece sustentarse máis na participación e liderado do seu único militante en mobilizacións sociais e sindicais a través da sección local do Sindicato Agrario Galego e das comisións de montes, o que contribuíu, non só a impulsalas, senón a crear unha rede de simpatizantes disposta ao voto.

Este modelo, segundo a fonte oral consultada, repetiríase noutros concellos onde obtiveron representación⁷⁹. Un modelo de “intelixente rendemento político obtido da intervención en mobilizacións e conflitos locais concretos” semellante ao que consolidaría a tradición política do BNG a obtención de sucesivas vitorias electorais en determinados concellos da Costa da Morte, o Morrazo ou Allariz⁸⁰.

No tocante ao desenvolvemento da lexislatura, o MCG actuou como unha forza que exerceu un labor crítico e de pulo externo cara a esquerda do goberno da Candidatura Independiente. Presentou e conseguiu aprobar mocións chave nos eidos nacional (normalización da lingua galega e celebración do Día das Letras Galegas, a prol da aceleración do proceso autonómico e de solidariedade cunha docente represaliada por impartir aulas en galego), internacional (rexeitamento á OTAN), institucional (regulamento de retribucións da Corporación) ou sociocomunitario (regulamento da xestión do monte).

Mais a política municipal non só foi concibida desde unha perspectiva exclusivamente institucional. O concelleiro impulsou tamén a mobilización popular no conflito da canteira de Pedras Miúdas, contando coa presión da veciñanza afectada desta temática nos propios plenos do consistorio. É destacable

78. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

79. Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

80. Justo G. BERAMENDI e Xosé Manoel NÚÑEZ SEIXAS (eds.) *O Nacionalismo Galego*, pp 263, 264.

a adaptación das estratexias de influencia social da formación, como a maior parte das organizacións de esquerda radical con maior tradición nas asociacións de veciños das grandes cidades⁸¹, a un entorno rural⁸².

Por outra banda, este concelleiro conseguiu actuar en coordinación como voceiro das bases de esquerda descontentas coa dirección que estaba a tomar a alcaldía que cristalizou en votacións conxuntas con membros díscolos desta candidatura e na publicación duns cantares cegos críticos coa dereita e co goberno da corporación. Un afastamento da liña oficial da Candidatura Independiente que, xa dende o inicio da lexislatura, implicou unha posición secundaria no reparto das Comisións Informativas.

Porén, dado que o MCG non presentou candidatura para os comicios de 1983 na vila, o anterior alcalde de CI intégrase no PSOE sen ningunha alternativa á súa esquerda o que, posiblemente, contribuíu á súa vitoria.

Finalmente, resulta interesante a existencia de espazos de unidade de acción entre o MCG e o PSG. Xa nos comicios de 1977, ambas formacións, xunto ao PSOE e o PCE, constituíran para o Senado a Candidatura Democrática Galega. Ademais, estes dous partidos impulsarán, xunto ao PTG, o Sindicato

81. Porén, no ámbito galego, a participación da esquerda radical de ámbito estatal tivo unha menor influencia en Coruña ou Vigo ante a hexemonía do PCE e do nacionalismo do BNPG e PSG. Fátima MARTÍNEZ-PAZOS e Javier CONTRERAS-BECERRA (eds.) "Alternativas rupturistas desde los barrios. La izquierda radical en los movimientos vecinal andaluz y gallego (1968-1983)" FUNDACIÓN SALVADOR SEGUÍ-MADRID (Coord.) *Las otras protagonistas de la Transición. Izquierda radical y movilizaciones sociales* Madrid, FSS Ediciones, 2018, pp 433-441.

82. O propio concelleiro cita esta dicotomía: "*non é que fora unha asociación de veciños, non... había comisións de montes*". Entrevista a Xesús Feijoo Sumay. Realizada o 21/08/2018.

Agrario Galego, mentres que nos comicios municipais en Catoira estarán presentes tanto militantes do MCG como simpatizantes do PSG nas reunións para constitución dunha candidatura independente que, porén, non se presenta con todos estes actores.

Esta confluencia resulta interesante desde unha dobre perspectiva. Por unha banda, o PSG pode entenderse como a póla do nacionalismo pragmático fronte á ortodoxia da UPG. Esquema que semella repetirse en Euskadi, onde o EMK participa con EIA na candidatura *Euskadiko Ezkerra*, pola que atinxe un congresista, fronte ás tensas relacións que mantivo con HB.

Por outra parte, débese ter en conta a adscrición do PSG á Federación de Partidos Socialistas (FPS), agrupación de partidos socialistas en diversas áreas do estado español cos que o MC estableceu pactos electorais coma en Asturias, onde o *Movimientu Comunista d'Ásturies* (MCA) participou xunto a *Reconstrucción Socialista de Asturias* (RSA) e outros grupos no *Bloque Asturiano de Izquierda* e na *Candidatura de Unidad Regionalista* nas eleccións de 1977⁸³. Tamén cabe citar nestes comicios a *Candidatura de Unidad Popular* (CUP) madrileña co *Movimiento Socialista* ou a candidatura conxunta frustrada co *Partit Socialista del País Valencià* (PSPV)⁸⁴.

Uns achegamentos que serían recoñecidos polo propio partido formulando no seu propio órgano que:

“La existencia de la Federación de Partidos Socialistas

83. Patrick W. ZIMMERMAN “*Cuando otra Asturias parecía posible: regionalismo y la izquierda heterodoxa en la Transición*” *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 17, (2018), p 163-169, <https://doi.org/10.14198/PASADO2018.17.06>

84. “*Madrid. Hacia la unidad popular*” e “*País Valencià. Exclusión más que turbia*” *Servir al Pueblo*, 77, (06/1977) pp 4,5.

hizo que los revolucionarios del Estado español -y entre ellos, los comunistas del M.C.- confiáramos en la posibilidad de superar lo que hay de injustificado en la división socialistas-comunistas, (...) con un terreno común más que amplio: espíritu federal, defensa de la independencia con respecto a toda otra fuerza extranjera, identificación con la democracia de masas, rechazo del parlamentarismo y el electoralismo,..."⁸⁵

85. "El aire de los tiempos afecta también al socialismo de izquierda. Crisis en la F.P.S." *Servir al Pueblo*, 76, (05/1977), p 2.